

Sen título

ADENTRÁMONOS no CGAC, subimos un chanzo, dous, tres, catro... ó supe-ra-lo derradeiro paso descubrimos un cortinado: 'Quimio', trátase da primeira mostra do artista cubano Félix González Torres. Esta composición formada por abelorios de plástico, que máis de un espectador tacharía de 'kitsch', invítanos a tenta-las súas contas, a xogar con elas buscando unha congratulación de sensacións suaves e tenras. Xa nesta obra decatámonos do compromiso que o artista asume ante un tema de candente actualidade: a Sida, aludida claramente no subtítulo.

Esta montaxe emana erotismo, como tamén o fai o seguinte espectáculo que topamos tras pasa-lo linde da sala: 'Opinión pública', realizada con miríades de caramelos espaxados no chan, aquí o artista ábrese a nós, invítanos a posuílo a el e parte da súa obra. Vémonos impulsados a espoliado das súas vestiduras 'envoltorios' e a actuar co seu corpo 'caramelo'.

Tódalas súas composicións, nas que hai evidentes saibos minimalistas, preséntanse libres, soñadoras, poéticas, de tal xeito que saturan a atmosfera da estancia dunha fragancia abafante.

O artista na súa mandorla aparece como un Deus benevolente, dispensador de dádivas; invitáronnos a coller doces e usalos, comelos ou regalalos, é o mesmo, non importa porque a obra vai repoñerse. O desexo de compartir, de darse ós outros, podemos volvelo ver nas moreas de fotocopias, elaboradas con

fórmulas expresivas próximas ás das técnicas publicitarias. Inserta nelas letras a modo de logotipos.

Gracias ós subtítulos que acompañan tódalas obras orientámonos para le-la exposición completa, aínda que o autor permita que as súas obras emitan outras posibles linguaxes suxestivas de, quizabes, interpretacións máis sutís.

A exposición emana altruísmo, xenerosidade, é unha obra aberta, accesible para o contemplador manipulador e é que toda ela é unha invitación a reflexionar sobre a sociedade na que estamos inmersos: publicidade-consumo, sexo, sida-marxinalidade. O artista inmerso nesta sociedade industrial xoga con produtos anónimos, que ó espectador nunha primeira mirada poden parecerlle triviais, pero se profunda neles constatará cómo o artista os elevou ó rango de ídolos. Desde o momento no que puidemos coller parte da súa obra, preséntasenos como unha obra inacabada, vivente, que cada día mingua coma a vida mesma.

E despedímonos deste grande artista que nos enriqueceu cun exercicio visual, meditativo, estimulante, de multiplicadores efectos e impactante visualidade patente na restra de lámpadas que se organizaron a modo de bosque animado, insinuador e provocador ata tal punto que nos fai meternos no seu interior e vivilo como o viviu o comisario da exposición que o montou.

Fátima Otero